



INFORME CLIMATOLÓXICO

PRIMAVERA 2025



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	2
2	BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NA PRIMAVERA 2025	4
2.1.	Temperatura.....	4
2.2.	Precipitación.....	9
3	EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE PRIMAVERA.....	12
3.1.	Temperatura.....	13
3.2.	Precipitación.....	16

Data edición: 10/06/2025

**Primavera 2025: húmida e moi cálida****1 INTRODUCCIÓN**

Este informe recolle unha descrición climatolóxica da primavera de 2025 (marzo, abril e maio). Para ilo, analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas, gráficos e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

O valor medio das series climatolóxicas dos trinta anos do período 1961-1990 e do período 1981-2010 denomínase **normal climatolóxica** e o seu uso permite establecer comparacións do tipo espacial entre distintas estacións e describir o estado climático de cada período. A utilización destes valores normais climatolóxicos serve, tamén, de referencia para valorar os comportamentos do clima e caracterizalos, ben en termos de frecuencia o en termos de anomalía, entendendo por anomalía a diferenza entre o valor climatolóxico mensual o anual presentado e o normal.

Temperatura

Para a variable temperatura (T), enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media desta primavera e o valor climático obtido con respecto ao período de referencia 1981-2010. Para obter a anomalía de temperatura, calcúlanse a anomalía media nas once estacións meteorolóxicas que compoñen a serie rexional de Galicia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura, considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$T < T_{min} 1981-2010$	Extremadamente frío
$T_{min} 1981-2010 \leq T < P_{20}$	Moi frío
$P_{20} \leq T < P_{40}$	Frío
$P_{40} \leq T \leq P_{60}$	Normal
$P_{60} < T \leq P_{80}$	Cálido
$P_{80} < T \leq T_{max} 1981-2010$	Moi cálido
$T > T_{max} 1981-2010$	Extremadamente cálido

Táboa 0.1. Cualificación da estación en función da temperatura



Precipitación

Para a variable precipitación (PP), enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada nesta primavera respecto do valor da media climática correspondente. Para obter a anomalía de precipitación, calcúlanse as anomalías medias nas dezaseis estacións meteorolóxicas que compoñen a serie rexional de Galicia.

Para caracterizar o mes en función da precipitación, considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
$PP < PP_{\min} 1981-2010$	Extremadamente seco
$PP_{\min} 1981-2010 \leq PP < P_{20}$	Moi seco
$P_{20} \leq PP < P_{40}$	Seco
$P_{40} \leq PP \leq P_{60}$	Normal
$P_{60} < PP \leq P_{80}$	Húmido
$P_{80} < PP \leq P_{\max} 1981-2010$	Moi húmido
$PP > PP_{\max} 1981-2010$	Extremadamente húmido

Táboa 0.2. Cualificación da estación en función da precipitación



2 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NA PRIMAVERA 2025

2.1. Temperatura

A **primavera de 2025** (balance dos meses de marzo, abril e maio) foi **moi cálida**, cunha temperatura media de 13.3 °C e unha anomalía media positiva de 1.0 °C.

A primavera comezou cun mes de **marzo** no que os valores medios non estiveron moi afastados do valor agardado, aínda que en moitos puntos quedaron algo por debaixo, xa que, agás nos últimos días do mes, en xeral as situacións foron algo máis frías do que cabería agardar na altura do ano. Así, no conxunto de Galicia, a temperatura media foi 10.6 °C e a anomalía media -0.3 °C, o que fai que o mes se poida considerar como **(lixeramente) frío**. Tendo en conta a temperatura mínima, marzo foi normal, cunha desviación nula respecto aos valores climáticos, mentres que para a máxima, cunha desviación negativa de 0.6 °C, resulta un mes frío.

O mes de **abril** quedou caracterizado por un valor medio de temperatura superior ao valor climático. Isto foi así a pesar de que tivemos unha semana, entre o 14 e o 20 de abril, con temperaturas notablemente máis baixas do que cabería agardar. Pero, tanto na segunda semana, como nos últimos días do mes, achegouse aire moi cálido procedente do norte de África, provocando anomalías positivas moi importantes nos valores de temperatura. Así, a temperatura media en abril de 2025 foi 13.9 °C. Tomando como referencia a anomalía media, que foi de 2.0 °C, o mes considérase, no conxunto de Galicia, como **moi cálido**. Tendo en conta as temperaturas mínima e máxima, abril foi, tamén, moi cálido, cunhas desviacións positivas respecto aos valores climáticos de 1.6 e 2.4 °C, respectivamente.

A primavera rematou cun mes de **maio** no que a temperatura media quedou, en xeral, por riba do agardado nesta época do ano. Esta situación estivo propiciada, principalmente, polos altos valores acadados nos últimos dez días e, en particular, nos últimos cinco, cando se superaron os 30°C en moitos puntos de Galicia. Cunha temperatura media de 15.5 °C e unha anomalía media positiva de 1.1 °C, o mes pódese considerar, no conxunto de Galicia, como **moi cálido**. Tendo en conta as temperaturas mínima e máxima, maio é, tamén, moi cálido, cunhas desviacións positivas respecto aos valores climáticos de 0.8 e 1.5 °C, respectivamente.



A continuación, móstranse, nas **Táboas 1 e 2**, as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega na estación da primavera de 2025 para estacións situadas por baixo e por riba dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As máximas máis altas déronse a finais do mes de maio, máis concretamente o día 29, cando se rexistrou un novo récord de temperatura máxima en Ourense capital, con 38.1 °C.

Táboa 1: Temperatura máxima máis alta rexistrada na primavera de 2025 por baixo dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
29/05/2025	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	38.1
29/05/2025	Ourense	OURENSE	Ourense	38.1
29/05/2025	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	37.4
29/05/2025	Monforte	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	36.2
29/05/2025	Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	35.9
29/05/2025	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	35.9
29/05/2025	Míllara	PANTÓN	Lugo	35.8
29/05/2025	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	35.7
29/05/2025	Monforte-CFEA	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	35.3
29/05/2025	Xabrega	SOBER	Lugo	35.3

Táboa 2: Temperatura máxima máis alta rexistrada na primavera de 2025 por riba dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
29/05/2025	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	29.8
29/05/2025	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	29.2
29/05/2025	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	28.8
29/05/2025	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	28.7
29/05/2025	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	28.2
29/05/2025	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	28.0
29/05/2025	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	27.6
29/05/2025	Ancares	CERVANTES	Lugo	27.3
29/05/2025	O Xistral	MURAS	Lugo	27.1
29/05/2025	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	26.9



Pola súa banda, nas **Táboas 3 e 4**, móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade galega na primavera de 2025 para as estacións situadas por riba e por baixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Neste caso, as noites máis frías déronse durante os primeiros días e a mediados do mes de marzo, con xeadas moderadas tanto en puntos montañosos como de val.

Táboa 3: Temperatura mínima máis baixa rexistrada na primavera de 2025 por riba dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
14/03/2025	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-7.0
02/03/2025	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-6.8
14/03/2025	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-6.7
14/03/2025	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-6.4
16/03/2025	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-5.2
16/03/2025	Ancares	CERVANTES	Lugo	-4.9
16/03/2025	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-4.6
02/03/2025	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-3.7
14/03/2025	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-3.5
16/03/2025	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-3.3

Táboa 4: Temperatura mínima máis baixa rexistrada na primavera de 2025 por baixo dos 1000 m de altitude

Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
15/03/2025	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-6.9
15/03/2025	Baltar	BALTAR	Ourense	-5.3
02/03/2025	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-4.9
16/03/2025	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-4.8
02/03/2025	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-4.8
15/03/2025	Monforte-CFEA	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	-3.9
15/03/2025	Morelle	SARRIA	Lugo	-3.9
02/03/2025	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-3.9
16/03/2025	Castro De Rei	CASTRO DE REI	Lugo	-3.8
02/03/2025	Laza	LAZA	Ourense	-3.5

Na **Figura 1**, móstrase o mapa de temperatura media para a primavera de 2025. Segundo a información que se pode extraer, a temperatura media no conxunto da Comunidade foi 11.9 °C. Os valores máis altos, comprendidos entre 14.5 e 15.5 °C, rexistráronse na Fosa de Padrón-Tui, no val do río Tea e nas ribeiras do Miño en Ourense e Pontevedra. Os valores máis baixos, de entre 6.1 e 7.3 °C, acadáronse nas Serras máis altas da Comunidade, coma do Eixe, Queixa, Courel ou Ancares.




Figura 1: Mapa de temperatura media (°C) na primavera 2025

Na **Figura 2**, pódese ver o mapa das desviacións da temperatura media respecto do valor de referencia no período 1981-2010. En xeral, tratouse dunha primavera cunha anomalía media positiva, segundo os valores do mapa, de 1.0 °C. Os valores máis altos de anomalía de temperatura media, comprendidos entre 1.5 e 1.7 °C, repártense polas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra. Os máis baixos e negativos, de entre -0.5 e -0.7 °C, atópanse na Serra dos Ancares.




Figura 2: Mapa de anomalías da temperatura media (°C) na primavera 2025



2.2. Precipitación

No conxunto dos meses de marzo, abril e maio, pódese cualificar a **primavera de 2025** como **húmida**, cunha cantidade de precipitación media acumulada de 376 L/m² e unha porcentaxe de precipitación un 26 % superior ao valor climático no período de referencia 1981-2010.

A primavera comezou cun mes de **marzo** que presentou o típico esquema de situacións cambiantes, coa chegada dalgunhas borrascas activas como *Jana* ou *Martinho* que deixaron chuvias abondosas, pero, tamén, períodos anticiclónicos de tempo seco. Isto fai que os valores acumulados estean preto da normalidade. A precipitación media para o conxunto da Comunidade neste mes foi 98 L/m², o que representa unha porcentaxe de precipitación dun 0 % con respecto ao período de referencia 1981-2010, resultando, así, un mes **normal**.

No mes de **abril**, a cantidade de precipitación acumulada estivo bastante por riba do que cabería agardar, non tanto porque tivésemos moitos días de chuva, senón porque as precipitacións dalgúns días concretos foron moi intensas ou persistentes. O valor medio da precipitación foi 183 L/m² e a anomalía media un 64 % superior ao valor climatolóxico, o que fai que o mes poida considerarse como **moi húmido**, tendo en conta o conxunto da Comunidade.

A primavera rematou cun mes de **maio** con cantidades de precipitación acumulada que varían moito dun lugar a outro, xa que Galicia sufriu numerosas situacións atmosféricas de inestabilidade que provocaron a formación de treboadas localmente fortes. Deste xeito, hai zonas con acumulados moi elevados ao carón doutras con moita menos precipitación. A precipitación media acumulada foi 95 L/m², o que resulta nunha anomalía, para o conxunto de Galicia, un 7 % superior ao valor climático. Isto fai que o mes poida considerarse como **normal**.

Na **Figura 3**, móstrase a precipitación total acumulada nesta primavera de 2025. Segundo os valores do mapa, a precipitación media acumulada foi 390 L/m². As cantidades de precipitación máis elevadas acadáronse nalgúñas áreas das Serras Litorais e na zona meridional da Serra de Queixa, con valores entre 530 e 590 L/m². Os acumulados de precipitación máis baixos, comprendidos entre 220 e 260 L/m², localízanse no Canón do Sil, na Ribeira Sacra, no litoral entre Camariñas e Cedeira e na Mariña Central e Oriental.




Figura 3: Mapa de precipitación acumulada (mm) na primavera 2025



A **Táboa 5** contén unha lista das estacións meteorolóxicas que rexistraron a máxima cantidade de precipitación nesta primavera de 2025.

Táboa 5: Precipitación máxima acumulada na primavera 2025			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m²)
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	599
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	583
O Viso	REDONDELA	Pontevedra	576
Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	571
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	553
Castrove	POIO	Pontevedra	547
Vigo-Campus	VIGO	Pontevedra	544
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	543
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	540
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	534

Pola contra, na **Táboa 6**, preséntase unha lista coas estacións meteorolóxicas que recolleron a cantidade mínima de precipitación nesta primavera de 2025.

Táboa 6: Precipitación mínima acumulada na primavera 2025			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m²)
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	211
Coruña-Dique	A CORUÑA	A Coruña	211
Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	213
As Petarelas	RUBIÁ	Ourense	221
Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	228
Larouco	LAROUCO	Ourense	232
A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	241
Camariñas	CAMARIÑAS	A Coruña	241
Marroxo	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	244
Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	247

Na **Figura 4**, pódese ver a porcentaxe de precipitación na primavera de 2025 con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. Tal e como se pode ver no mapa, a porcentaxe de precipitación adquire valores positivos no interior da Comunidade, especialmente no extremo sur. Do mesmo xeito, pódense ver zonas con valores máis preto do normal ou cun lixeiro déficit cara ao oeste e norte de Galicia e, de xeito máis illado, en puntos montañosos de Lugo e Ourense. Así, o valor medio para o conxunto do territorio galego, segundo os valores do mapa, foi un 20 % superior ao período de referencia 1981-2010. A porcentaxe máis alta de precipitación acadouse en zonas do sur de Ourense, cun 70 a 100 % máis de precipitación do normal, mentres que os valores máis baixos, de entre un 20 e un 40 % menos de precipitación, se acadaron no extremo norte da provincia da Coruña.




Figura 4: Porcentaxe de precipitación acumulada na primavera de 2025 con respecto aos valores normais do período 1981-2010

3 EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN

3.1. Temperatura

Na **Figura 5**, móstrase a evolución da temperatura media da primavera dende o ano 1961 ao ano 2025. A temperatura media da primavera de 2025, para as once estacións que compoñen a serie rexional, acadou un valor de 13.3 °C.




Figura 5: Evolución da temperatura media (°C) na primavera para a serie rexional galega

A anomalía da temperatura media para Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi +1 °C respecto ao valor climático no período de referencia 1981-2010. Iso fai que, segundo os criterios da táboa 0.1, poidamos falar dunha primavera **moi cálida**. O precedente máis cálido atopámolo na primavera de 2023.




Figura 6: Evolución da anomalía da temperatura media (°C) en primavera, considerando o período de referencia 1981-2010

A **Táboa 7** compara o valor da **temperatura media** da primavera de 2025 cos valores climáticos dos períodos de referencia 1971-2000 e 1981-2010. Así, vemos que o ano 2025 amosa unha anomalía positiva de +1.4 °C e de +1.0 °C, respectivamente.

Temperatura media primavera (°C)		
2025	1971-2000	1981-2010
13.3	11.9	12.4

Táboa 7: Comparación entre a temperatura media da primavera 2025 e a media climática galega nos períodos de referencia mostrados

Na **Táboa 8**, móstrase a temperatura media dos meses de primavera e a comparación cos valores climáticos de referencia. Pódese dicir que, en canto á temperatura media e considerando o período de referencia 1981-2010, marzo considérase (lixeramente) frío e abril e maio moi cálidos.

Temperatura media mensual (°C)			
Mes	2025	1971-2000	1981-2010
marzo	10.6	10.3	10.8
abril	13.9	11.5	11.9
maio	15.5	13.9	14.4

Táboa 8: Comparación entre a temperatura media dos meses de primavera e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados

Na **Táboa 9**, pódese observar a **temperatura media das máximas** na estación de primavera de 2025 e a comparación cos valores de referencia dos períodos 1971-2000 y 1981-2010. Tendo en conta os percentiles das series das máximas, esta primavera foi **moi cálida**, cunha anomalía de 1.1 °C con respecto ao último período de referencia.

Temperatura media das máximas en primavera(°C)		
2025	1971-2000	1981-2010
18.8	17.1	17.6

Táboa 9: Comparación entre a temperatura máxima media na primavera 2025 e a media climática galega nos períodos de referencia mostrados

Mensualmente e tomando como referencia o período 1981-2020, marzo resultou frío e abril e maio moi cálidos.

Temperatura media das máximas por mes (°C)			
Mes	2025	1971-2000	1981-2010
marzo	15.6	15.6	16.1
abril	19.5	16.5	17.1
maio	21.2	19.1	19.7

Táboa 10: Comparación entre a temperatura máxima media dos meses da primavera 2025 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados



Por último, na **Táboa 11**, pódese observar a **temperatura media das mínimas** na estación de primavera de 2025 e a comparación cos valores de referencia dos períodos 1971-2000 y 1981-2010. Tomando como referencia o último período, esta primavera foi **moi cálida**, cunha anomalía de 0.8 °C.

Temperatura media das mínimas en primavera (°C)		
2025	1971-2000	1981-2010
7.9	6.8	7.1

Táboa 11: Comparación entre a temperatura mínima media na primavera 2025 e a media climática galega nos períodos de referencia mostrados

A escala mensual e comparando os datos co período de referencia 1981-2010, o mes de marzo resulta normal e abril e maio moi cálidos.

Temperatura media das mínimas por mes (°C)			
Mes	2025	1971-2000	1981-2010
marzo	5.5	5.1	5.5
abril	8.2	6.4	6.6
maio	9.9	8.8	9.1

Táboa 12: Comparación entre a temperatura mínima media dos meses da primavera 2025 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados

3.2. Precipitación

Na **Figura 7**, pódese ver a evolución da precipitación media na primavera desde o ano 1961. A precipitación media no ano 2025 para as dezaseis estacións que compoñen a serie rexional foi 376 L/m².




Figura 7: Evolución da precipitación media acumulada (L/m²) na primavera para a serie rexional galega

A porcentaxe de precipitación para esta primavera en Galicia, para a serie rexional, foi un 26 % superior á media do período 1981-2010, o que fai que, segundo os criterios da táboa 0.2, esta primavera poida considerarse como **húmida**. O precedente máis húmido atopámolo na primavera de 2024, que é a terceira máis húmida da serie histórica.




Figura 7: Evolución da anomalía de precipitación (%) na primavera, considerando o período de referencia 1981-2010



Na **Táboa 13**, móstranse, ademais do **valor medio de precipitación acumulada** na primavera 2025, os valores climáticos dos períodos 1971-2000 e 1981-2010. A porcentaxe de precipitación nesta primavera foi un 26 % superior ao normal con respecto aos períodos 1971-2000 e 1981-2010.

Precipitación acumulada estacional (L/m ²)		
2025	1971-2000	1981-2010
376	311	312

Táboa 13: Comparación entre a precipitación media acumulada na primavera de 2025 e os valores climáticos

O estudo mensual da precipitación acumulada nesta primavera recollido na **Táboa 14**, mostra uns meses de marzo e maio normais e un mes de abril moi húmido, respecto ao período de referencia 1981-2010.

Precipitación acumulada por mes (L/m ²)			
Mes	2025	1971-2000	1981-2010
marzo	98	98	100
abril	183	111	115
maio	95	102	96

Táboa 14: Comparación entre os valores acumulados de precipitación dos meses de primavera e as medias correspondentes aos períodos climáticos.

MeteoGalicia

Subdirección Xeral de Cambio Climático e Ordenación do Litoral
Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático